


FARO DE VIGO

MEDOS DE ITALIA

Memoria dos “anos de chumbo”

Joaquim Ventura

14/12/2023 04:26:01



Unha das eivas que unha parte da esquerda segue a arrastrar é a facilidade para outorgar patentes de bondade ou maldade. Ou dito con aquela sentenza evanxélica: non sempre é quen, cando insiste nas agullas en ollos alleos, de decatarse das bigas nos propios. Un reparto de etiquetas maniqueas que moitas veces consegue sobrevivir non só ao paso do tempo senón tamén –o que é máis grave– ás evidencias. E esta circunstancia resulta agravada cando desde as profundidades dun Estado –e alén das regras que conforman o cinismo das “raisons d’État”– se vulneran de forma fragrante as propias leis democráticas non para preservar a integridade institucional senón para beneficio duns poucos.

Isto era o que sucedía na Italia dos anos setenta do pasado século cando se puxo en marcha a

chamada “estratexia do terror”. A partir da “Operación Gladio” –deseñada pola CIA e mais o MI6 para neutralizar unha eventual intervención soviética en Occidente–, o obxectivo pasou a ser, xa no terreo do concreto, evitar o ascenso do PCI ao poder. E para tal estratexia eran precisos tres elementos: a acción agochada dos servizos secretos, o apoio a grupos neofascistas e a tolerancia –cando non o estímulo– a grupos armados de esquerda radical, moitas veces con accións de falsa bandeira.

Nesta estratexia os atentados indiscriminados eran parte fundamental. Un deles, o ocorrido na Piazza Fontana milanese en 1969, foi provocado por un comando de extrema dereita pero ben axiña as autoridades policiais acusaron a un grupo anarquista da súa autoría. Concretamente, ao ferroviario Giuseppe Pinelli. Despois de tres días de interrogatorios sen garantías, o seu corpo precipitouse desde unha fiestra das dependencias policiais do terceiro andar.

Tal suceso inspirou a obra teatral de Dario Fo Morte accidental dun anarquista, e desde diversos sectores progresistas botouse unha acusación contra o comisario Luigi Calabresi, que decote usaba o despacho desde o cal Pinelli caera. Dous anos despois, un comando de Lotta Continua –grupo armado de esquerdas– asasinouno na porta da súa casa. Malia que posteriores investigacións puxeron en evidencia que nin Pinelli tivo relación co atentado nin Calabresi estivo implicado na morte do ferroviario anarquista, as pintadas de “Calabresi asasino” seguían a aparecer nas rúas anos despois.

Mario Calabresi, fillo do comisario e xornalista de sona –foi director de La Stampa e de La Repubblica– quixo vindicar a memoria do seu pai

e mais a súa integridade moral. Nun exercicio de investigación non sempre doado, conseguiu contactar con outras vítimas daqueles “anos de chumbo” e incluso –en calidade de fillo, non de xornalista– con Giorgio Pietrostefani, organizador da morte do policía, refuxiado en Francia.

Froito desta procura é *Salir de la noche* (Libros del Asteroide), publicado en Italia en 2007. Un libro que, a ollos do lector, xera máis preguntas e reflexións que as respostas que teoricamente aporta. Non só polas circunstancias dos familiares das vítimas –comezando pola do autor– senón pola insensibilidade das autoridades á hora de atendelos e restaurar o seu nome; no caso dos servidores públicos, polo seu sacrificio. Unha insensibilidade que entre nós coñecemos ben nos nosos particulares “anos de chumbo” e que aínda hoxe segue a ser exercida cando se emprega o nome dun terrorista a maneira de arma verbal contra os adversarios políticos.

Sen esquecer –e esa é unha das valiosas reflexións que Mario Calabresi fai– cal é o límite ético e social verbo dos terroristas que tras cumprir condena ou seren indultados, poden acceder a cargos públicos sen previamente pedir perdón polas accións feitas. E, engadamos, sen que o Estado –último responsable ao cabo– haxa aclarado as responsabilidades dos seus funcionarios e xestores políticos. Poñer en evidencia o desatino dos terroristas non é branquexalos e menos, xustificalos. O perdón desde a democracia –defende Calabresi– é necesario pero sen arrepentimento non pode ser unha carta branca.